

# Os procuradores nomean a Celso Emilio Ferreiro procurador de honra

- Celso Emilio Ferreiro foi procurador en Vigo entre 1950 e 1966
- Os procuradores destacan a súa aportación á literatura galega



Os procuradores editan postal conmemorativa polo 70º aniversario da súa incorporación como procurador.

**15 decembro 2020.** O Colexio de Procuradores de Vigo vén de nomear a Celso Emilio Ferreiro como colexiado de honra pola súa figura polifacética como procurador e poeta e a súa aportación á literatura galega. O recoñecemento prodúcese por decisión da xunta xeral dos procuradores vigueses que o apoiaron de xeito unánime co obxectivo de por en valor a figura do escritor que exerceu como procurador en Vigo entre 1950 e 1966. O nomeamento prodúcese despois da descuberta por parte do Colexio de Procuradores de Vigo de máis de medio cento de documentos que desvelan a actividade de Celso Emilio Ferreiro como profesional da procura.

O achado fai referencia á vida profesional de Celso Emilio Ferreiro e inclúe rexistros da súa actividade como procurador, numerosa



correspondencia e incluso unha carta inédita do poeta que constata a súa marcha ao exilio latinoamericano. Os dezaseis anos de exercicio de Celso Emilio Ferreiro como procurador son un período trascendental na súa vida e obra, coa publicación de dous dos seus poemarios máis coñecidos: *O soño sulagado* (Vigo, 1955) e *Longa noite de pedra* (Vigo, 1962).

A iniciativa Celso Emilio Ferreiro, procurador posta en marcha polos procuradores vigueses tras o achado do arquivo inédito que permaneceu 70 anos no descoñecemento inclúe a cesión dos materiais descubertos á fundación Celso Emilio Ferreiro para o seu arquivo e análise.

Durante o ano 2021, o Colexio de Procuradores de Vigo desenvolverá unha serie de actividades para por en valor a figura de Celso Emilio Ferreiro e a súa faceta como profesional da procura. A primeira destas iniciativas é a edición limitada dunha postal de Nadal que conmemora o 70º aniversario da incorporación de Celso Emilio Ferreiro como procurador (1950 – 2020). O poeta foi o colexiado número 18 do colectivo, nunha época na que o Colexio estaba formado só por unha vintena de profesionais.

A recuperación e posta en valor da figura de Celso Emilio Ferreiro como procurador é un dos piares da actividade dos procuradores vigueses para o próximo ano, así como a formación continua dos seus profesionais e a renovación da procura como unha ferramenta clave para impulsar unha maior axilidade na Xustiza.

O Colexio de Procuradores de Vigo está formado por 149 profesionais que exercen nos xulgados de O Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo.